



Decreto / Resolución:20026001701

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN PROGRAMA VEN E DESCUBRE 2026:

1. Son requisitos para a participación **estar de alta no padrón de Oleiros e ter cumprido os 65 anos** na data da excursión.
2. As rutas de sendeirismo "Camiñando por Oleiros" son de obrigada participación para poder acceder as rutas de sendeirismo que se realizan fora de Oleiros.
3. Poden participar a ruta de sendeirismo de fin de semana as persoas que participaran como mínimo en dúas rutas de sendeirismo.
4. Deberán inscribirse nos prazos establecidos. Non se terá en conta a orde de inscrición xa que **se realizará un sorteo entre todas as solicitudes recibidas**.
5. Establécese un período de inscrición para as rutas de excursionismo e a actividade Ollada de estrelas . No formulario só **poderán inscribirse nun máximo de tres rutas distintas** en excursionismo e **unha na actividade de "Ollada de estrelas"** , e nas datas indicadas no apartado 6. Deberán seleccionar as rutas **por orde de preferencia**.
6. As inscricións de excursionismo e a actividade nocturna de "Ollada de estrelas" realizaranse **preferentemente na sede Electrónica** (<https://sede.oleiros.org>). No caso de que a algunha persoa non lle sexa posible facela así, poderá facelo chamando ao teléfono 981 61 000 000 en horario de 16:00H a 19:00H e nos días establecidos para cada grupo. O calendario de inscrición de excursionismo e o seguinte:

Inscrición do 17 a 27 de abril:

**EXCURSIONISMO
e actividade
nocturna de
ollada de estrelas****INSCRICIÓN
TELEMÁTICA****INSCRICIÓN TELEFÓNICA**
981 610 000 de 16:00 a 19:00 h

Desde o 17 ao 27 de abril			
	1- Perillo		17 e 18 de abril
	2- Nós		20 e 21 de abril
	3- Maianca- Serantes-Dexo-Breixo		22 de abril
	4-Santa Cruz-Dorneda Montrove		23 e 24 de abril
	5-Oleiros- Iñás		27 de abril

- 29 de abril - publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.
- 2 de maio - emenda de erros.
- día do sorteo será o 4 de maio ás 12.00 horas. As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 15 de maio.

7. Establécese un período de inscrición para as rutas de sendeirismo no que só se poderán inscribir nun **máximo de tres rutas de sendeirismo** distintas e nas datas indicadas no apartado 8. Deberán seleccionar ata un máximo de tres rutas de sendeirismo **por orde de preferencia**.
8. As inscricións de sendeirismo realizaranse **preferentemente na sede Electrónica** (<https://sede.oleiros.org>). Non caso de que algunha persoa non lle sexa posible facela así, poderá facelo chamando ao teléfono 981 61 000 000 en horario de 16:00 a 19:00 e nos días establecidos para cada grupo. O calendario de inscrición de sendeirismo e o seguinte:

Inscrición do 29 de abril ao 4 maio:

SENDEIRISMO**INSCRICIÓN TELEMÁTICA**na Sede electrónica da web www.oleiros.org**INSCRICIÓN TELEFÓNICA**

981 610 000 de 16:00 a 19:00 h

29 de abril a 4 de maio

29,30 de abril e 4 de maio

- 6 de maio - publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.
- 7 de maio - emenda de erros.
- O día do sorteo será o 8 de maio ás 12.00 horas. As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 11 de maio.

9. As persoas admitidas deberán acudir á reunión de formación e confirmación de praza o 14 de maio ás 11:00 h nas Torres de Santa Cruz
10. Establécese un período de inscrición para as **rutas de sendeirismo de fin de semana** nas datas indicadas no apartado 11. Só poderán acceder a estas actividades as persoas que participasen en dúas rutas de sendeirismo de 1 día (como mínimo).



11. As inscricións de sendeirismo de fin de semana realizaranse **preferentemente na sede Electrónica** (<https://sede.oleiros.org>). No caso de que algunha persoa non lle sexa posible facela así, poderá facelo chamando ao teléfono 981 61 000 000 en horario de 16:00 a 19:00 nos días establecidos. O calendario de inscrición de sendeirismo de fin de semana e o seguinte:

SENDEIRISMO DE FIN DE SEMANA (SÓ PERSOAS QUE PARTICIPASEN EN DÚAS RUTAS DE SENDEIRISMO)	INSCRICIÓN TELEMÁTICA	INSCRICIÓN TELEFÓNICA 981 610 000 de 16:00 a 19:00 h
1. Todas as localidades	1-2- 3-4 de xullo	1-2 de xullo

- 7 de xullo - publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritis.
 - 8 de xullo - emenda de erros.
 - O día do sorteo será o 9 de xullo ás 12.00 horas. As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 10 de xullo.
 - O 10 de xullo publicaranse as datas de pagamento e a data da reunión de grupo na que é obrigatoria a presenza das persoas admitidas.
12. As persoas con praza na actividade de sendeirismo deben participar obrigatoriamente na ruta “Camiñando por Oleiros” nas datas correspondentes ao grupo co que se inscribiu. A xornada de formación tamén é obrigatoria e terá lugar o 14 de maio as 11:00 h da mañá no teatro As Torres de Santa Cruz. Estas rutas son de balde.
13. O prezo de cada saída de 1 día (Excursionismo e Sendeirismo) é de 12 euros. No prezo está incluído o transporte, o equipo de profesionais e as visitas. O prezo da saída de fin de semana é de 60 euros e a actividade “Ollada de estrelas” 30 euros. Incluíndo transporte, profesionais, aloxamento , cea do sábado, almorzo e xantar do domingo.
14. As persoas deben aboar a actividade de excursionismo na semana posterior á súa realización. Os recibos para o pagamento entregaráselle durante a ruta no autobús.
15. Os recibos para o pagamento das rutas de sendeirismo e “Ollada de estrelas”, deberán descargarse desde a “Sede electrónica” e aboarse nun prazo de 8 días anteriores á data da saída, entregando unha copia do pagamento nas oficinas de Servizos Sociais en Oleiros ou Perillo.
16. As persoas que non realicen o pagamento no prazo establecido serán dadas de baixa en todas as rutas nas que estean inscritas.
17. O período de pago da actividade de fin de semana se comunicará no momento de publicacións das listas de persoas admitidas. As persoas seleccionadas nesta actividade, comunicáraselles no momento da publicación das listaxes de persoas admitidas a data da reunión de formación a que deben acudir de maneira presencial.
18. A comida da excursión corre a cargo de cada participante. Nas rutas de excursionismo elixiranse vilas para que as persoas participantes dispoñan de restaurantes onde comer, darase de ser posible, a opción de xantar en grupo, ou ben espazos abertos se deciden facelo ao aire libre. Nas rutas de sendeirismo a comida sempre será no camiño, no lugar que o ritmo do grupo determine.
19. Os asentos dos buses non están numerados, en ningún momento se realizarán reservas.
20. Os horarios de saída de Excursionismo comunicaranse por teléfono a semana anterior da saída. Os horarios de sendeirismo comunicaranse na reunión formativa e divulgativa do día 14 maio no teatro “As Torres”.
21. As persoas inscritas están obrigadas a comunicar a renuncia á praza nun prazo de 8 días anteriores a saída.. De non facelo así, causarán baixa en todas as excursións nas que estean inscritas. A comunicación da baixa pode facerse telefónica ou de maneira presencial nos Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Oleiros. Tamén poden enviar un correo electrónico o enderezo s.sociais@oleiros.org que terá validez sempre que se acompañe de acuse de recibo.
22. Todas as persoas deberán ser autónomas para participar tanto nas rutas de excursionismo como nas de sendeirismo. Nas rutas de sendeirismo deberán contar coa preparación física axeitada para desenvolver 14 quilómetros camiñando por camiños e corredoiras.
23. O programa “Ven e descubre” é unha actividade en grupo dirixida por un equipo de monitores e monitoras, polo que as persoas inscritas deben acollerse en todo momento ao programa establecido.
24. O concello poderá anular ou modificar rutas sempre que o estime oportuno. Ben sexa por factores climatolóxicos, sanitarios, de participación ou por outros aspectos da organización.
25. O concello sempre poderá anular prazas en función das características da persoa solicitante e o seu comportamento.
26. O concello de Oleiros poderá modificar datas do calendario de inscrición e execución de rutas sempre que se produzan modificacións non contempladas no deseño previo.